

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

2 de outubro de 2025

Duración:

Desde as 20:33 ata as 21:33

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

Gonzalo Louzao Dono

Secretaria:

María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	NON



	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	NON
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	VALENTÍN TORRADO BLANDO (informático)	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 4 DE SETEMBRO DE 2025

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de setembro de 2025, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O Alcalde informa da existencia dunha proposta (PR/2025/1801) de data 30 de setembro de 2025 para a aprobación da formalización e sinatura da 3ª Addenda ao Convenio de Colaboración asinado por este Concello coa Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para levar a cabo as obras de execución dun módulo cuberto multideporte, a cal foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión do 1 de outubro de 2025.

Xustifica a súa urxencia para ser tratada, fóra da orde do día desta sesión plenaria, na necesidade de cumprir co requirimento da Xunta de Galicia de remitirle antes do día 10





do presente mes de outubro o acordo de aprobación da formalización e sinatura da nomeada Addenda

A continuación, sométese a urxencia a votación, sendo aprobada por unanimidade, procedendo de seguido a tratar o obxecto da nomeada proposta mediante a inclusión do correspondente expediente fóra da orde do día desta sesión:

Expediente 1995/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN E SINATURA DA 3ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO COA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE EXECUCIÓN DUN MÓDULO CUBERTO MULTIDEPORTE	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

Visto o Convenio asinado entre Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e este Concello o 24 de maio de 2023 para levar a cabo as obras de execución dun módulo cuberto multideporte, previa aprobación polo Pleno desta corporación en sesión celebrada o 13 de abril de 2023.

Vistas a 1ª e 2ª Addenda ao nomeado Convenio, aprobadas por acordos plenarios de 2 de novembro de 2023 e 2 de decembro de 2024, respectivamente.

Vista a Memoria xustificativa emitida o 20 de agosto de 2025 polo arquitecto técnico municipal, D. Daniel Órrea Corral, relativa á necesidade de ampliación de prazo para presentar a xustificación do devandito Convenio.

Vista a acta da Comisión Técnica para o seguimento e interpretación do Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e o Concello da Estrada para a realización das obras de construción dun módulo cuberto multideporte, asinada en data 28 de agosto de 2025.

Visto o borrador da 3ª Addenda ao nomeado Convenio de colaboración, remitida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 30 de setembro de 2025.

Visto o informe emitido pola secretaria municipal con data 30 de setembro de 2025.

Visto o informe de fiscalización asinado pola interventora accidental o 30 de setembro de 2025.

Vista a proposta de resolución PR/2025/1801 de 30 de setembro de 2025.





Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais na sesión celebrada o 1 de outubro de 2025.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- Aprobar a formalización e sinatura da 3ª Addenda ao Convenio de Colaboración entre Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e este Concello para levar a cabo as obras de execución dun módulo cuberto multideporte.

Segundo.- Facultar ao alcalde para a súa sinatura.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 1 AO 15 DE SETEMBRO DE 2025.

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 15 de setembro de 2025 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2025-1303 ao número 2025-1402 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, intervén, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguinte persoa asistente no público:

- Dña. Balbina Martínez Ramallal (DNI [REDACTED])

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.





Levántase a sesión sendo as vinte e unha horas e trinta e tres minutos minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/gl/2025/10/06/pleno-concello-de-a-estrada-2-de-outubro-2025/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

21D3E7A02846F45ED8115BF9BF7C78EAA87488B506EB28CEBF09D00DF16D835A

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 3A6ENQA75MGPY37TJ2RSEFSW
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

